



Orde do de 2016 conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Facenda, pola que se regula o Plan inicial plurianual de actuación das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico

A creación de entidades públicas instrumentais, especialmente axencias, por parte do sector público autonómico ten como finalidade o avance cara a unha xestión encamiñada aos resultados e á calidade dos servizos públicos, así como á economía e á eficiencia na xestión dos recursos da administración pública, sempre desde a óptica do respecto ao dereito administrativo garante dos dereitos cidadáns e da transparencia na xestión dos recursos públicos.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece no seu Título III o marco que regula a creación de entidades instrumentais.

O artigo 54 da devandita Lei esixe que no proxecto normativo que regula a creación das entidades se xustifique a súa necesidade así como os fins e obxectivos que persigue satisfacer.

Así mesmo, e co obxecto de garantir a máxima eficiencia na xestión dos recursos públicos, o devandito artigo preceptúa que a entidade deberá presentar o proxecto de estatutos acompañado dun plan inicial plurianual de actuación da entidade (en diante plan inicial de actuación). Estes documentos deben ser propostos pola consellería de adscrición e contar co informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e facenda.

O plan inicial de actuación que acompañará o proxecto de estatuto da entidade debe contar cun plan económico-financeiro que debe ser informado con carácter preceptivo e vinculante pola consellería competente en materia de facenda; por este motivo faise necesario establecer cal debe ser o seu contido mínimo.

Todo o anterior fai conveniente concretar conxuntamente polos servizos, que deberán telo en consideración para o seu informe, o contido do plan inicial de actuación.

En base a todo o anterior,

DISPONSE

Artigo 1. Obxecto

A presente orde ten por obxecto establecer o contido mínimo do plan inicial plurianual de actuación (en diante plan inicial de actuación) das entidades públicas instrumentais que se creen ou pasen a integrarse dentro do sector público autonómico definido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como regular o seu procedemento de elaboración, aprobación e control.



Artigo 2. Contido

O plan inicial de actuación estará integrado como mínimo polos seguintes documentos:

- a) Plan estratéxico
- b) Plan económico-financeiro
- c) Previsión dos recursos humanos necesarios
- d) Memoria xustificativa

Artigo 3. Marco temporal

1. O marco temporal do plan inicial de actuación será de tres anos.
2. Independentemente do marco temporal anteriormente fixado, no caso das axencias públicas autonómicas o plan inicial de actuación abarcará ata a entrada en vigor do primeiro contrato de xestión que deberá ser aprobado polo consello reitor no prazo de tres meses desde a súa constitución.

Artigo 4. Contido do Plan estratéxico

1. O plan estratéxico determinará os fins e obxectivos que persigue a entidade, así como os indicadores necesarios para a súa avaliación e seguimento.
2. Este deberá respectar os principios e contidos recollidos no artigo 46 do texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
3. O plan estratéxico deberá conter:
 - Obxectivos estratéxicos
 - Obxectivos operativos
 - Indicadores de seguimento e avaliación.

Artigo 5. Obxectivos estratéxicos

1. Os obxectivos estratéxicos serven para definir os fins ou metas que a organización pretende conseguir a medio ou longo prazo sinalando as liñas de actuación prioritarias da entidade.
2. Os obxectivos estratéxicos deben ser claros, sinxelos, concretos, alcanzables e medibles.

Artigo 6. Obxectivos operativos

1. Os obxectivos operativos son metas a curto prazo que serven para determinar as liñas de actuación necesarias para lograr o cumprimento de cada obxectivo estratéxico.
2. Cada un dos obxectivos operativos deberá incluír unha breve descrición das actuacións a desenvolver, dos indicadores que van permitir determinar o seu grao de cumprimento, e da súa contribución á consecución de cada obxectivo.



Artigo 7. Coherencia e compatibilidade co plan estratéxico de Galicia e cos plans sectoriais

1. En todo caso debe establecerse unha táboa na que se mostre a coherencia e compatibilidade dos obxectivos estratéxicos e operativos do plan inicial de actuación cos obxectivos atribuídos á consellería de adscrición no Plan estratéxico de Galicia.
2. No suposto de que a entidade estea afectada por un ou varios plans sectoriais especiais tamén deberá establecerse a coherencia e compatibilidade co mesmo.

Artigo 8. Indicadores

1. Os indicadores son variables que intentan medir ou obxectivar de forma cuantitativa ou cualitativa a actividade dun ente. A través dos indicadores verifícase a idoneidade, eficacia e eficiencia da súa estratexia. Os indicadores deben estar vinculados aos obxectivos operativos debendo ser pertinentes, sensíbles, claros, fiables e cuantificables, co fin de permitir o logro dos resultados perseguidos.
2. Para cada obxectivo operativo determinarase polo menos un indicador de resultado, aplicando a perspectiva de xénero na súa definición e seguimento.
3. En todo caso deben incluírse indicadores financeiros que poñan en relación a consecución do resultado perseguido e o seu custo.

Artigo 9. Plan económico financeiro

1. O plan económico-financeiro do plan inicial de actuación deberá conter:
 - a) O réxime patrimonial onde se deben describir os bens e dereitos cos que conta a entidade para o cumprimento dos seus fins.
 - b) Previsión dos gastos a realizar para alcanzar os resultados previstos no Plan. O custo dos recursos anteriores asignarase a cada obxectivo operativo en función das necesidades para alcanzar os resultados previstos. Deberán diferenciarse entre custos directos e indirectos. Neste último suposto establecerase un criterio de reparto en base á unidade de medida mais representativa.
 - c) Previsión dos ingresos cos que se financiarán os mencionados gastos
 - No caso de que se trate de fontes finalistas debe determinarse o instrumento ou fonte de financiamento da que procede, e o negocio xurídico que xustifique a súa procedencia.
 - Cando se financien con cargo a transferencias da Comunidade Autónoma, asegurarse que as ditas transferencias estean recollidas no orzamento.



2. Este plan económico-financeiro requirirá informe favorable da consellería competente en materia de facenda. Por motivos de economía procedimental, informarase conxuntamente co decreto dos estatutos.

3. Deberá informarse sobre se as magnitudes financeiras e macroeconómicas comprendidas no marco financeiro, teñen encaixe e son compatibles co marco financeiro plurianual da Comunidade Autónoma.

Artigo 10. Previsión de recursos humanos

A previsión de recursos humanos necesarios deberá gardar o seguinte contido mínimo e ser coherente cos custos de persoal previstos no plan económico-financeiro:

- a) A determinación das necesidades de persoal concretando o número de efectivos necesarios, o réxime retributivo e a súa tipoloxía, de conformidade co establecido no artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico.
- b) Unha memoria que conteña o cadro de persoal e/ou proposta de relación de postos de traballo no seu caso.
- c) A descrición da estrutura organizativa directiva, das funcións que se asignan a cada un destes postos, forma de cobertura e proposta de encadramento dos mesmos na clasificación establecida polo Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as percepcións económicas aplicables ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.
- d) Distribución do número de efectivos atendendo á estrutura organizativa.

Artigo 11. Memoria xustificativa

1. A memoria xustificativa deberá recoller a conveniencia e oportunidade da creación da entidade e acreditar que non xera unha duplicidade de servizos públicos con outros que xa sexan prestados pola administración da Comunidade Autónoma. Ademais, na memoria xustificativa deberá explicarse o por que dos obxectivos elixidos e a súa relación cos fins que a xustifican.

2. No caso de que a entidade que se pretenda crear asuma competencias anteriormente desempeñadas por outra entidade ou servizo da administración xeral, debe procederse á supresión, refundición e demais modificacións orgánicas que sexan necesarias para a creación da nova entidade.

3. Xunto coa memoria xustificativa tamén deberá aportarse a documentación necesaria para a clasificación da entidade conforme ao artigo 4 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

Artigo 12. Aprobación



1. De acordo co establecido no artigo 54 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, despois de que se aprobe a lei que autorice a creación da entidade, procederase á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta, a proposta da consellería de adscrición, co informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e facenda.

2. O proxecto de estatutos irá acompañado do plan inicial plurianual de actuación da entidade o cal inclúe, entre outros, o correspondente plan económico-financeiro regulado no artigo 9 da presente Orde.

Artigo 13. Informe preceptivo da Consellería de Facenda

Corresponde á dirección xeral competente en materia de orzamentos a emisión do informe ao que fai referencia o artigo anterior; a estes efectos disporá do prazo de dez días desde a recepción do expediente completo para a emisión do mesmo.

Artigo 14. Control de eficacia do plan inicial de actuación

O control de eficacia do plan inicial de actuación ten por obxecto verificar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados e a adecuada utilización dos recursos asignados para a consecución dos mesmos, así como unha continua avaliación do cumprimento dos fins previstos no plan. O dito control será realizado a través do órgano de control establecido no artigo 16 da presente orde.

Artigo 15. Informe de xestión

Para a realización do control de eficacia do plan inicial de actuación a entidade deberá elaborar anualmente, no prazo de seis meses desde que remate o exercicio orzamentario, un informe de xestión que polo menos conterá:

- a) As contas anuais aprobadas e auditadas, que permiten comprobar o cumprimento da estabilidade orzamentaria.
- b) Indicación do custo financeiro de cada un dos obxectivos que teña asignado e o grao de cumprimento, medido a través dos indicadores asociados a cada un dos obxectivos operativos.
- c) A previsión do cumprimento do plan inicial á vista do grao de realización do exercicio, e no seu caso dos anteriores.
- d) Memoria xustificativa das posibles desviacións sobre os resultados pretendidos e proposta de actuacións para a súa corrección.

Artigo 16. Órgano de control

1. A efectos de garantir o cumprimento do control de eficacia establecerase un órgano de control que velará polo cumprimento do plan inicial de actuación.



2. Este órgano estará constituído por 4 membros:

- Un representante da entidade, con voz pero sen voto.
- Un representante da consellería de adscrición.
- Un representante da consellería que ten as competencias en materia de orzamentos.
- Un representante da consellería que ten as competencias en materia de avaliación e reforma administrativa.

3. Un destes membros actuará como presidente.

4. O órgano de control reunirse a instancia da persoa que ostente a presidencia polo menos unha vez ao ano e sempre antes do 30 de setembro de cada exercicio; sen prexuízo de que poida reunirse en calquera outro momento a instancia dos seus membros para resolver calquera cuestión que xurda durante a vixencia do plan.

Artigo 17. Informe do órgano de control

1. O órgano de control emitirá un informe relativo ao cumprimento do plan inicial de actuación que deberá ser remitido ao titular da entidade, ao titular da consellería de adscrición, á consellería competente en materia de facenda e á consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa. Así mesmo, o informe deberá ser obxecto de publicación na páxina web da consellería de adscrición.

2. No suposto das axencias públicas autonómicas deberá ser remitido ademais ao consello reitor.

3. O informe deberá ser aprobado polo órgano de control por maioría simple.

Artigo 18. Modificación do plan inicial de actuación

1. O plan inicial de actuación poderá ser modificado cando os informes do órgano de control poñan de manifesto a existencia de cambios relevantes con respecto ás dotacións orzamentarias e os obxectivos iniciais.

2. A aprobación da modificación requirirá os mesmos trámites que os previstos para a aprobación do plan inicial de actuación.

Disposición adicional primeira. Control da actividade económico-financeira

O establecido nos artigos anteriores respecto ao control de xestión das entidades instrumentais en ningún caso substituirá aos procedementos de control que acorde aplicar a Intervención xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a cada entidade instrumental no exercicio das súas funcións.

Disposición adicional segunda. Expediente Plan inicial de Actuación

Na páxina web da consellería de facenda poñerase a disposición dos órganos de xestión das entidades instrumentais **un modelo/formulario** que permitirá autoavaliar os requisitos de



información dos documentos integrantes do plan inicial de actuación sinalados nesta orde. Este **modelo/formulario** completado deberá remitirse co expediente.

Disposición adicional terceira. Plan plurianual de actuación das entidades instrumentais contempladas no artigo 45.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

O establecido nesta orde será igualmente aplicable ao contido e informe do plan plurianual de actuación para os supostos de constitución e creación das entidades regulados nos artigos 104 e 114 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición final. Entrada en vigor

A presente orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.